

Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 24 de abril de 2025

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 24/04/2025
- II. Asistentes á CGIC do 24/04/2025
- III. Memoria e documentación adicional requirida para a modificación do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga
- IV. Rexistros do procedemento *PE-01 Xestión do PTXAS*:
 - a. *R1 PE-01 Identificación das necesidades (de contratación) de PTXAS do centro*
 - b. *R2 PE-01 Identificación das necesidades de formación do PTXAS do centro*
- V. Rexistro *R2 PE-02 Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas*
- VI. Rexistro *R1 IA-01 Necesidades de recursos e servizos*
- VII. Rexistro *R1 MC-02 Informe anual das QSP recibidas (curso 2023/2024)*
- VIII. *Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2025/2026 (rexistro R1 DO-0202)*
- IX. Rexistro *R1 DO-0203 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2025/2026*
- X. Rexistro *R1 AC-01 Listaxe de estudantado que solicitou recoñecemento de créditos.*

Ábrese a sesión ás 16 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 18 de decembro de 2024.**

Envíouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador

O Coordinador de calidade comenta as principais actividades dende a sesión anterior:

➤ Comunicacions coa Área de Calidade

✓ EAD 2024/2025

- 07/03 Participación final nas EAD do 1º Cuadrimestre:

NIVEL	Potenciais	Realizadas	Participación
<i>Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (plan extinción)</i>	16	10	62,50%
<i>Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (plan novo)</i>	81	22	27,16%

<i>Grao en Enxeñaría da Enerxía</i>	807	64	7,93%
<i>Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos</i>	287	45	15,68%
<i>Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga</i>	89	6	6,74%
<i>Escola de Enxeñaría de Minas</i>	1280	147	11,48

- 20/03 Posta en marcha das EAD do 2º Cuadrimestre. Prazo para a realización das enquisas do 24/03/25 ata o 30/06/25. Lembran funcionalidade de SIGMA para a visibilidade das enquisas para cada materia.
- 09/04 Estado de participación nas EAD do 2º Cuadrimestre:

Centro	Potenciais	Realizadas	Participación
Escola de Enxeñaría de Minas	1522	20	1,31%

✓ ES 2023/2024 Entidades empregadoras

- 13/01 a 24/02 Proceso de realización da enquisa por parte da Área de Calidade: achega de invitacións, recordatorio da enquisa, novo recordatorio dende o centro, constatación de problemas na recepción das invitacións e intento de solución.
- 31/03 A Área de Calidade achega o informe cos resultados da enquisa de satisfacción das entidades empregadoras.

✓ ES 2024/2025 TFG/TFM

- 20/12 A participación subiu lixeiramente tras o último recordatorio da enquisa: 7 de 26 en GEE, 0 de 7 en GERME, 1 de 3 en MUEM.
- 13/01 Envío do último recordatorio da enquisa.
- 23/01 Achegan o informe de resultados da enquisa (non subiu a participación).

✓ ES 2024/2025 Estudiantado e Profesorado

- 18/02 e 06/03 Evolución da participación nas enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais do estudiantado e o profesorado

Código	Denominación Titulación	Estudiantado			Profesorado		
		Respostas	Participantes	%	Respostas	Participantes	%
V09G290V01	Grao en Enxeñaría da Enerxía	--	--	--	3	13	23%
V09G291V01	Grao en Enxeñaría da Enerxía	2	39	5%	11	73	15%
V09G310V01	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	--	--	--	4	9	44%
V09G311V01	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0	5	0%	17	88	19%
V09M148V01	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	0	1	0%	13	39	33%
V09M148V01	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	--	--	--	8	26	31%
V09M195V01	Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga	1	3	33%	3	14	21%
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía		3	48	6%	59	262	23%

✓ Programa DOCENTIA

- 08/04 A Área de Calidade informa da publicación dos informes sobre a actividade docente do curso 2022/2023, fonte de datos para o programa Docentia quinquenal e habilita o prazo de alegacións ata o 7 de maio de 2025.

✓ Acreditación Institucional de ACSUG

- 13/01 A Área de Calidade traslada a documentación achegada pola ACSUG para levar a cabo o proceso de renovación da Acreditación Institucional: *Guía de evaluación para el seguimiento y la renovación de la acreditación institucional*, modelo de Autoinforme e as Táboas 1-2 que se solicitan no apartado de evidencias e indicadores.
- 07/02 – 21/02 Consultas de dúbidas por *email* sobre a elaboración do autoinforme, evidencias e indicadores e reunión coa directora do Área de Calidade.
- 18/03 A Área de Calidade informa de que solicitou á ACSUG unha ampliación do prazo de presentación da documentación polos problemas que estamos a ter na UVIGO para dispoñer dos indicadores requiridos. A ampliación foi aceptada de xeito que o novo prazo remata o 31/05/2021. Ademais comunica que xa están configuradas en AVALÍA (expedientes de centros) os cartafolios nos que se debe subir a documentación correspondente.

➤ Comunicacions coa Unidade de Análises e Programas (UAP)

- ✓ 18/12 Publicación de varios indicadores no Portal de Transparencia: mobilidade curso 2023/24 e avance de indicadores de matrícula curso 2024/25.
- ✓ 19/12 Trasládouse á Área de Calidade a inconsistencia detectada nas táboas que xera a aplicación QSP para o informe periódico: *“Considérase oportuno trasladar que se cumpriron os prazos establecidos en base ao disposto no Regulamento do sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns (QSP) da Universidade de Vigo e que as queixas que figuran como non respondidas en prazo correspóndense con queixas para as que, en base ao establecido no Regulamento, é preceptivo solicitar informe ao profesorado. Trasladarase á Área de Calidade que se modifique na plataforma de xestión de QSP estes prazos, para que non figuren como queixas non respondidas en prazo aquelas para as que o propio Regulamento establece prazos de cumprimento maiores.”* Suxírense que se traslade a solicitude á Unidade de Análises e Programas.
- ✓ 06/03 Publicación no Portal de Transparencia de varios indicadores de grao e mestrado correspondentes ao curso 2023/24: Admisión (PRE), Prácticas externas (PRA), Profesorado con horas de docencia (DOC), Profesorado doutor, quinquenios e sexenios (MER), Formación e mobilidade do profesorado (FOR), e varios indicadores de programas de doutoramento.

- ✓ 06/03 a 23/04 Comunicouse á UAP que os datos publicados dos indicadores DOC, MER y FOR correspondentes ao GERME non son correctos xa que o profesorado correspondente ás materias comúns dos dous graos que se imparten na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, seguen a contabilizarse soamente na titulación das materias primarias sen ter en conta a solicitude que levamos facendo dende hai varios anos e que se atopaba á espera da implantación de SIGMA. A Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente trasladou a problemática ao Director da Área de Análise Estratéxica Docente e valoran factible facelo con SIGMA, polo que trasladaron a información ao Coordinador da Unidade de Análises e Programas para que atope unha maneira de calcular os indicadores tendo isto en conta. Van tentar implementalo para os indicadores do curso 2024/2025.
- ✓ 02/04 Publicación de varios indicadores no Portal de Transparencia: indicadores de matrícula curso 2024/25 e informes das ES23/24 de estudantado e persoas tituladas.
- **Programa de Desenvolvemento Estratéxico da EEME:**
 - ✓ 28/02 A CEPDE remata a elaboración do Documento CERO do Programa de Desenvolvemento Estratéxico do centro e o aproba, quedando en exposición pública durante un período de 15 días para a recepción de achegas.
 - ✓ 27/03 A versión final do Programa de Desenvolvemento Estratéxico do centro é aprobado en Xunta de Escola.
- **Accións de Mellora na plataforma do SGIC:**
 - ✓ Está pendente revisar as datas de 14 alertas activas ou antigas e as datas de finalización estimada.
- **Plataforma do SGIC Curso 2023/2024:**
 - ✓ 19/12 Unha vez resolta a incidencia que non permitía acceder aos rexistros da titulación MUXSA no SGIC 23/24, introducíronse todos os rexistros correspondentes á mesma.
 - ✓ 30/01 Notificación do aprazamento do peche do SGIC 23/24 ata o 28 de febreiro.
 - 28/02 Pecháronse todos os rexistros pendentes do SGIC 23/24; concretamente, o rexistro *R1 PE-02 Informe de Resultados Institucionais* pechouse sen achegar documentación xa que o informe do programa DOCENTIA aínda non estaba dispoñible.
- **Rexistros do SGIC - Curso 2024/2025**
 - ✓ 22/01 A Área de Calidade achega a Axenda Básica de Calidade do curso 2024/2025 e comunica a próxima apertura da plataforma do SGIC para o curso 2024/2025.
 - ✓ *R1 DE-01 Programa de desenvolvemento estratéxico do Centro* (alerta 28/02/2025)

- 28/02 Remate e aprobación na CEPDE do **Documento CERO**. Exposición pública 15 días para a recepción de achegas.
- 27/03 Aprobación da versión final do Programa de Desenvolvemento Estratéxico do centro en Xunta de Escola. Pendente publicación na web e no SGIC.
- ✓ **Rexistros pendentes:**
 - *R1 DE-02 Cadro de Mando* (alerta 15/03/2025)
 - *R1 DE-03 Informe de revisión do sistema pola dirección* (alerta 31/03/2025)
 - *R2 DO-0102 Plan de melloras* (alerta 31/03/2025)
 - *R1 DO-0301 Verificación/Chequeo de Información Pública* (alerta 31/03/2025)
 - *R1 PE-02 Informe de Resultados Institucionais* (alerta 31/03/2025)
 - *R4 DO-0101 Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación da titulación* (alerta 31/03/2025).

3. Validación, se procede, da memoria e documentación adicional requirida para a modificación do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.

A Presidenta salienta que se trata dun título de carácter interuniversitario (UDC, USC, UVIGO) e lembra a problemática xurdida co requisito de acreditación do nivel de inglés e os procedementos de interpretacións de cada universidade, o que introduce diferencias nos procesos de admisión. Aclara que para tratar este tema se reuniron os vicerreitores/as das tres universidades e propuxeron unha solución provisional para acreditación da competencia lingüística). Coa intención de atopar unha solución definitiva, valorouse proceder a modificar a memoria de verificación cara a eliminar este requisito para o acceso ao máster, polo que esta é a modificación principal proposta.

Apróbase, por asentimento, a memoria modificada e a documentación adicional.

4. Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento *PE-01 Xestión do PTXAS*:

- a. *R1 PE-01 Identificación das necesidades (de contratación) de PTXAS do centro*
- b. *R2 PE-01 Identificación das necesidades de formación do PTXAS do centro*

A Presidenta indica que estes rexistros os elabora a Administradora do Ámbito Tecnolóxico, e son os iguais aos de cursos anteriores xa que seguen sen dar resposta ás demandas de contratación e as necesidades de formación están ben cubertas.

A comisión aproba por asentimento os dous rexistros.

5. Aprobación, se procede, do rexistro *R2 PE-02 Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas.*

A Presidenta lembra o proceso seguido, indica as achegas recibidas e comenta a proposta do centro. Engade que, en paralelo, a directora da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación está a desenvolver no centro un proxecto piloto sobre o emprego da Intelixencia Artificial como recurso docente, e que trasladou a proposta á Escola de Enxeñaría Industrial e á Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para ver como desenvolver o proxecto de xeito conxunto, incluíndo unha proposta de formación en Intelixencia Artificial xerativa.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro.

6. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 IA-01 Necesidades de recursos e servizos.*

A Presidenta sinala que o documento o elaborou Francisco Deive, Subdirector de Asuntos económicos, Infraestruturas e Relacións internacionais, e lle cede a palabra. Indica que se basea directamente no orzamento, xa aprobado en Xunta de Escola, e o comenta, salientando fundamentalmente o reparto por áreas.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro.

Agradécese a Fran Deive o traballo realizado.

7. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 MC-02 Informe anual das QSP recibidas (curso 2023/2024).*

A Presidenta cede a palabra a Guillermo García, Coordinador de Calidade, quen lembra que o novo procedemento MC-02, aprobado recentemente, inclúe este novo rexistro correspondente ao SGIC24/25. Aclara que o rexistro inclúe o informe que foi aprobado na sesión do 18/12/2024, no marco do SGIC23/24, xa que se recollía como documentación complementaria.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro.

Agradécese ao Coordinador de Calidade o traballo realizado.

8. Aprobación, se procede, do *Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2025/2026*, que forma parte do rexistro *R1 DO-0202 Promoción das titulacións.*

A Presidenta cede a palabra a Raquel Pérez Orozco, Subdirectora de Divulgación científica e Captación, quen indica que o plan é similar ao do curso anterior. Sinala que o Plan recolle eliminar as canles de X, o LinkedIn vinculado á escola e algún dos concursos, e salienta que se vai manter a Olimpíada de Enerxía.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro.

Agradécese a Raquel Pérez Orozco o traballo realizado.

9. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DO-0203 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2025/2026.*

A Presidenta amosa o documento e cede a palabra a Ana Rodríguez, Coordinadora do PAT-ANEAE do centro, quen sinala as modificacións efectuadas con respecto ao plan do curso anterior. Engade algunhas reflexións sobre a súa impresión na comunicación co estudantado PIUNE o curso actual, e a posibilidade de nomear un estudante tutor que poida acadar un trato máis coa alumnado PIUNE. A súa sensación é que o estudantado PIUNE amosouse distante e pouco comunicativo de xeito que non tivo suficiente *feedback* de cara á elaboración do informe final. Indica que poido ser debido a que neste curso o estudantado PIUNE cursaba a materia impartida por ela.

Generosa Fernández comenta que na normativa da UVIGO se mencionan dúas figuras diferentes de titores: tutor profesor e tutor estudante, que se denomina, alumnado de apoio. Se é para cobertura dende o centro para o alumnado PIUNE, se pode pensar como se quere facer.

Ana Rodríguez indica que xa incluíu esta suxestión no seu informe do estudantado PIUNE deste curso. Sinala que o problema poido ser que lle coincidiu ser titora e avaliadora dunha das materias que cursaban.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro, delegando na dirección a redacción definitiva do punto 5.4.2, tras realizar a correspondente consulta aos servizos correspondentes.

Agradécese á Coordinadora do PAT-ANEAE e ao Coordinador de Calidade o traballo realizado.

10. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 AC-01 Listaxe de estudantado que solicitou recoñecemento de créditos.*

A Presidenta cede a palabra a Guillermo García, Coordinador de Calidade, quen aclara que se trata dun novo rexistro correspondente ao novo procedemento AC-01, aprobado recentemente, e explica en que consiste. Sinala que o documento hai que completalo coas solicitudes denegadas, que se están a recompilar.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro, delegando na dirección a inclusión da información correspondente ás solicitudes denegadas.

Agradécese ao Coordinador de Calidade o traballo realizado.

11. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17 horas e 02 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e catro de abril de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace

A Presidenta

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 24/04/2025

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 24 de abril de 2025, ás 15:30 horas en primeira convocatoria e ás 16:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 18 de decembro de 2024.
2. Informe do Coordinador.
3. Validación, se procede, da memoria e documentación adicional requirida para a modificación do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.
4. Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento *PE-01 Xestión do PTXAS*:
 - *R1 PE-01 Identificación das necesidades (de contratación) de PTXAS do centro*
 - *R2 PE-01 Identificación das necesidades de formación do PTXAS do centro.*
5. Aprobación, se procede, do rexistro *R2 PE-02 Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas.*
6. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 IA-01 Necesidades de recursos e servizos.*
7. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 MC-02 Informe anual das QSP recibidas (curso 2023/2024).*
8. Aprobación, se procede, do *Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2025/2026*, que forma parte do rexistro *R1 DO-0202 Promoción das titulacións.*
9. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DO-0203 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2025/2026.*
10. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 AC-01 Listaxe de estudantado que solicitou recoñecemento de créditos.*
11. Rogos e Preguntas.

Vigo, 11 de abril de 2025

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa **contrasinal** **1DL6QsL** (**e**le-**D**e-**E**le-**D**e-**6**-**Q**u-**e**se-**E**le) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégame comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA

ANEXO II

Asistentes á CGIC do 24/04/2025

Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 24 de abril 2025	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Iria Feijóo Vázquez	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Ana Rodríguez Rodríguez	Representante do Máster EM
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Raquel Pérez Orozco	Representante do PDI
Pablo Eguía Oller	Representante dos departamentos con sede no centro
Juan Jesús Rico Fuentes	Representante do estudantado egresado
Diego López González	Representante da Sociedade (titular)
Escusan a súa asistencia	
María Araújo Fernández	Representante do Máster XSA

ANEXO III

**Memoria e documentación adicional requirida para a modificación
do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga**

ANEXO IV

Rexistros do procedemento *PE-01 Xestión do PTXAS*:

- a. R1 PE-01 Identificación das necesidades (de contratación) de PTXAS do centro*
- b. R2 PE-01 Identificación das necesidades de formación do PTXAS do centro*

ANEXO V

*Rexistro R2 PE-02 Listaxe de accións formativas derivadas de
necesidades detectadas*

ANEXO VI

Rexistro *R1 IA-01 Necesidades de recursos e servizos*

ANEXO VII

Registro R1 MC-02 Informe anual das QSP recibidas (curso 2023/2024)

ANEXO VIII

*Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2025/2026,
do rexistro R1 DO-0202 Promoción das titulacións*

ANEXO IX

*Rexistro R1 DO-0203 Plan de acción tutorial e atención ás
necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro
para o curso 2025/2026*

ANEXO X

***Rexistro R1 AC-01 Listaxe de estudantado que solicitou
recoñecemento de créditos***